



CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

ACTA N.º 8/2018 SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 26 DE XULLO DE 2018

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 19/2018 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 25.000,00 €
- I.3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES
- I.4.- PROPOSTA SOBRE AS FESTAS LOCAIS
- I.5.- RETIRADA DA PLACA CONMEMORATIVA DA PRAZA DO CONCELLO
- I.6.- ELECCIÓN DE XUIZ PAZ SUBSTITUTO
- I.7.- MOCIÓN DE URXENCIA:
MOCIÓN DE NIGRÁN DECIDE REFERIDA A INSTRUCCIÓN AO EQUIPO REDACTOR DO PXOM

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

- II.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA AO PLAN CONCELLOS 2018. Liña 2
- II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

- PSOE:

Alcalde-Presidente:

- D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.^a Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.^a Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D.^a Liliana Silva Pequeño
- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández
- D.^a Rosa Rodríguez Rodríguez

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 26 de xullo de 2018
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa do Concello de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinario
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:05
- *Hora de remate:* 22:57
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 16

Incidencias:

a) Alteracións no *quórum* de asistencia:

- *Concelleiros que se incorporan no curso sesión, e momento en que o fan:* D. José Luis Sanromán Román, durante o debate do punto I.2 da Orde do Día.
- *Concelleiros que abandonan a sesión:* Ningún.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 28 de xuño de 2018.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, no se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 28 de xuño de 2018 queda aprobada cos votos a favor dos 16 membros presentes da Corporación.

I.2.- MODIFICACIÓN DE CRÉDITO N.º 19/2018 MEDIANTE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS POR IMPORTE DE 25.000,00 €

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 18 de xullo de 2018, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta da Alcaldía:





Visto o “Convenio interadministrativo suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Nigrán para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020”, asinado o día 05.06.2018 (que figura no expediente administrativo denominado “Adhesión convenio prevención de incendios”; código de “Cividas” número 2018000335) no que é regulada unha subvención máxima ao Concello de Nigrán de 15.934,62 euros destinados a “Unha brigada de cinco compoñentes en labores de vixilancia e extinción”, e unha subvención máxima 11.250,00 euros ao Concello de Nigrán destinada a “Tratamentos preventivos de xeito mecanizado mediante desbroce mecanizado”, o que supón unha subvención total máxima condicionada de 27.184,62 euros.

Visto o expediente administrativo de modificación de crédito 17/18 mediante xeración de crédito por importe de 27.184,62 euros (código de “Cividas” número 2018002531; aprobado nunha resolución da Alcaldía do día 10.07.2018); dos que 19.727,59 euros destináanse a retribucións de persoal da “brigada de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais”, e 7.457,03 euros á Seguridade Social a cargo do Concello do persoal da “brigada” citada.

Visto o expediente administrativo de modificación de crédito 18/18 mediante transferencias de crédito por importe de 7.305,01 euros (código de “Cividas” 2018002533; aprobado nunha resolución da Alcaldía do día 10.07.2018) que financia a aportación municipal ás retribucións de persoal da “brigada de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais” (5.524,59 euros), e ás cotas á Seguridade Social a cargo do Concello do persoal da “brigada” citada (1.780,42 euros).

De conformidade co indicado nunha resolución desta Alcaldía do día 09.07.2018 referida á continuidade do expediente administrativo referido ao “Convenio” antes citado (código de “Cividas” número 2018000335), á tramitación do expediente administrativo de xeración de crédito por importe de 27.184,62 euros (código de “Cividas” número 2018002531); e á tramitación dos expedientes administrativos de modificación de crédito que procedan para financiar as aportacións municipais ao “Convenio” indicado.

De conformidade coas previsións de gastos en bens correntes e servizos destinados á “brigada de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais” (15.000,00 euros según cálculos do Concelleiro de vías e obras, servizos urbanos e seguridade) e en investimentos (10.000,00 euros según cálculos do mesmo Concelleiro).

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 carécese de crédito adecuado, dispoñible e en contía suficiente, destinado a cinco aplicacións para gastos en bens correntes e servizos destinados á “brigada de prevención, vixilancia e extinción de incendios forestais”, así como para dúas aplicacións destinadas a gastos de investimentos da “brigada” citada; polo que é precisa unha modificación orzamentaria mediante créditos extraordinarios por importe de 25.000,00 euros.

Tendo en conta que no estado de gastos do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018 existe crédito actualmente dispoñible e non comprometido nunha aplicación orzamentarias que podería utilizarse para financiar os 25.000,00 euros precisos





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

para ben correntes e servisos así como investimentos da “brigada de prevención, vixiancia e extinción de incendios forestais”.

Visto o establecido no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e nos artigos 35 e 37 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril (RDO), así como na base de execución 6ª do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018.

Esta Alcaldía, proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral neste Concello no informe referencia T 104/18, de data 12/07/2018, ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente administrativo de modificación de crédito 19/18 mediante créditos extraordinarios por importe de 25.000,00 euros no orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018; o importe citado destinarase ás finalidades seguintes:

Aplicación orzamentaria	Destino	Euros
18172020400	Aluguer vehículo todoterreo brigada de prevención, vixiancia e extinción de incendios forestais	3.000,00
18172021300	Conservación de equipos da brigada de prevención, vixiancia e extinción de incendios forestais	2.000,00
18172022103	Combustible vehículos e maquinaria da brigada de prevención, vixiancia e extinción de incendios forestais	5.000,00
18172022104	EPIs brigada de prevención, vixiancia e extinción de incendios forestais	4.000,00
18172022699	Formación da brigada de prevención, vixiancia e extinción de incendios forestais	1.000,00
18172062300	Material diverso extinción da brigada de prevención, vixiancia e extinción de incendios forestais	5.000,00
18172062301	Maquinaria xestión biomasa da brigada de prevención, vixiancia e extinción de incendios forestais	5.000,00

O expediente administrativo de modificación de crédito 19/18 finánciase integramente mediante unha baixa de crédito da seguinte aplicación do orzamento xeral do Concello de Nigrán para o ano 2018:





Aplicación orzamentaria	Destino	Euros
181612270001	Atrasos por revisión prezos por servizo de recollida RSU e limpeza viaria	25.000,00

Terceiro.- Expoñer ao público o expediente administrativo de modificación de crédito 19/18 durante quince días hábiles mediante anuncio a publicar no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, así como no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Nigrán .

Cuarto.- Se durante o período de exposición ao público non foran presentadas polos interesados (indicados nos artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RDO) reclamacións á modificación orzamentaria 19/18 (por algún dos motivos indicados nos artigos 170.2 do TRLRFL e 22.2 do RDO), a citada modificación entenderase aprobada definitivamente sen necesidade de novo acordo Plenario expreso, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida; e, de presentarse reclamacións, o Pleno do Concello disporá do prazo dun mes para resolvelas, efectuándose posteriormente a publicación legalmente establecida.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Búscase completar a dotación económica para unha brigada de extinción de incendios, para a que tamén se conta con axuda da Xunta.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Teñen que elixir entre o malo (o convenio e as súas circunstancias) e o peor (non aproveitar a ocasión para favorecer a seguridade das persoas). Por esta razón absteranse.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Tamén se absterán. O proceso seguido non foi correcto e tampouco se lle facilitou a información comprometida. Tamén é unha brigada de desbroce. Pide que se considere que estas persoas dispoñan dos descansos necesarios para que poidan estar dispoñibles. Critica á Xunta por trasladar o problema aos concellos.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: O ben maior é evitar o risco. Vai apoiar a proposta.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Apoiará a modificación a pesar do convenio, que contén determinacións que non considera axeitadas. O Concello debe requirir a limpeza nas bandas de seguridade e no seu caso actuar subsidiariamente.

Alcalde-Presidente: Estanse facendo múltiples requirimentos. Ademais contamos con dous enxeñeiros forestais.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:





- Votos a favor: 9; PSOE, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 8; PP e Nigrán Decide.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 18 de xullo de 2018, informa favorablemente o expediente, coa seguinte proposta:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.- A regularización catastral é un procedemento de incorporación ao Catastro Inmobiliario dos bens inmobles urbanos e rústicos con construción, así como das alteracións das súas características.

Como consecuencia da súa aplicación en Nigrán detectáronse 2.133 incidencias, entre elas 565 construcións novas, 198 piscinas, 80 reformas ou rehabilitacións, 6 cambios de uso e 1.284 ampliacións ou construcións auxiliares, o que nos fai pensar que se vai producir un aumento nos ingresos do Concello de Nigrán polo Imposto de Bens Inmobles.

NIGRÁN DECIDE considera que este aumento dos ingresos como consecuencia da aplicación do Imposto de Bens Inmobles pode ser compensado cunha rebaixa do tipo de gravame dese imposto, de forma que todo o mundo paga este imposto polo que realmente ten, sen causar unha diminución dos ingresos do Concello.

II.- O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que os concellos poderán establecer, para os bens inmobles urbanos, excluídos os de uso residencial, tipos diferenciados atendendo aos usos establecidos na normativa catastral para a valoración das construcións.

Ditos tipos só poderán aplicarse, como máximo, ao 10 por cento dos bens inmobles urbanos do municipio que, para cada uso, teña maior valor catastral, a cuxo efecto a ordenanza fiscal do imposto sinalará o correspondente umbral de valor para todos ou cada un dos usos, a partir do cal serán de aplicación os tipos incrementados.





Establecendo tipos diferenciados, cando falamos do ámbito comercial, beneficiarían ao pequeno comercio, entre outras cuestións porque as grandes corporacións, os grandes centros comerciais permiten polo seu volume plantear prezos moito máis baixos dos que se pode permitir o pequeno comercio. Se a carga impositiva se redistribúe, dentro da capacidade que ten un concello, e estes centros comerciais teñen que pagar máis, o pequeno comercio vería compensado minimamente as desvantaxes que ten fronte aos grandes centros comerciais.

III.- *Por todo o anteriormente exposto propónse ao pleno do Concello de Nigrán a adopción dos seguintes acordos:*

Primeiro. *Aprobar provisoriamente a modificación da “Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Bens Inmóbles”, modificación que afectará ao artigo 8 da citada ordenanza que terá a seguinte redacción:*

Artigo 8. Cota tributaria

- 1. A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable dos tipos de gravame recollidos neste artigo.*
- 2. O tipo de gravame para os bens inmóbles urbanos será do 0,475%*
- 3. O tipo de gravame para os bens inmóbles rústicos será do 0,40%*
- 4. O tipo de gravame para os bens inmóbles de características especiais será do 1,30%*
- 5. Para os inmóbles de natureza urbana de uso comercial, segundo o establecido na normativa catastral para a valoración das construcións, que superen o valor catastral de 800.000 euros, establécese o tipo de gravame diferenciado de 0,55%.*

En todo caso, os tipos de gravame diferenciados a que se refire este apartado só poderán aplicarse, como máximo, ao 10 por cento dos inmóbles do termo municipal que, para cada uso, teñan maior valor catastral.





6. A cota líquida obterase minorando da cota íntegra o importe das bonificacións previstas no artigo 6 desta ordenanza.

Segundo. *Expoñer ao público, durante trinta días, o correspondente expediente administrativo mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e nos medios que procedan. Se no citado prazo non foran presentadas reclamacións entenderase elevado a definitivo o acordo de apropiación provisoria.*

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Dálle a palabra ao grupo propoñente.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Presentaron a iniciativa con tempo, pero non se tramitou. Antes xa solicitaran a información necesaria. Despois da regularización, se todos pagan, todos poden pagar menos. Gustaríalle que fose unha rebaixa progresiva, pero non pode ser. O goberno non solicitou a tempo o informe do Secretario. Aceptarían que quedase sobre a mesa se se trai para o próximo Pleno.

Sr. Alcalde-Presidente: Está de acordo que se ordene correctamente o proceso.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Os informes deberían estar no momento da Comisión Informativa. E isto non estaba así. É un pouco escéptico respecto a este tipo de reducións, por iso o estudio debe ser detallado. No caso de Nigrán a repercusión por habitante é das máis baixas. Apoia que quede sobre a mesa.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Parécelle ben que se faga correctamente o expediente.

Sr. Cuevas Raposo: A responsabilidade de impulsar o expediente é do goberno.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Deberíase planificar a política impositiva de cara ao ano que ven.

Votación da petición de que o asunto quede sobre a Mesa (art. 92 do ROF). Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda que o asunto quede sobre a Mesa.

I.4.- PROPOSTA SOBRE AS FESTAS LOCAIS





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de xullo de 2018, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia, modificada na propia Comisión:

“De conformidade co previsto no art. 37.2 do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, en relación co determinado no art. 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e demais normativa aplicable, corresponde ao Concello propoñer que ata dous días de cada ano natural teñan o carácter de festas locais.

Tendo en conta as festividades que, por tradición, se veñen considerando como representativas deste Municipio, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Propoñer como festas locais do Concello de Nigrán os días 29 de xuño (San Pedro) e 1 de agosto (San Fiz). Os anos nos que algunha delas coincida en sábado ou domingo, será substituída, en primeiro lugar, pola do día 24 de xuño (San Xoán) e, en segundo lugar, pola do día 24 de agosto (San Roque Camos).

Segundo. Encomendar á Alcaldía que realice cada ano a correspondente comunicación á Consellería competente, aos efectos da incorporación das referidas festas locais ao calendario laboral respectivo.”

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Trátase de referendar polo Pleno os festivos que xa son tradicionais. Explica os detalles.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.5.- RETIRADA DA PLACA CONMEMORATIVA DA PRAZA DO CONCELLO

A) Ditame da Comisión Informativa.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de xullo de 2018, acordou ditaminar favorablemente a seguinte moción do grupo BNG:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS





En marzo do 2015 inaugurouse a nova Praza do Concello, segundo un proxecto municipal financiado a través dun plan de obras e servizos da Deputación de Pontevedra por valor de 218.456 euros, colocándose unha placa na fachada do novo edificio consistorial que lembra que foi construída sendo Presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Aval, e Alcalde, Alberto Valverde Pérez.

O BNG de Nigrán xa ten manifestado en diferentes ocasións o seu rexeitamento a que os representantes políticos, que temporal e circunstancialmente ocupan en cada momento os diferentes postos, coloquen os seus nomes sinalando esta circunstancia en prazas, edificios, lugares e ata bancos.

Ao noso xuízo esta práctica supón un exercicio de confusión entre a responsabilidade de xestionar os caudais públicos e a propiedade dos mesmos. Correspóndelle aos políticos decidir o destino do diñeiro, pero non é deles como para colocar o seu nome nas infraestruturas realizadas con el.

Responde esta práctica á tentación de perpetuarse nas paredes nun pretensioso intento de pasar á posteridade.

No particular caso que nos ocupa, este feito vese agravado polas peculiares circunstancias do señor Louzán, que a maiores de representar un xeito de facer política afortunadamente desterrado da Deputación, irá a xuízo, previsiblemente nun prazo non moi longo, acusado dun delito de suborno.

Non é este o tipo de persoa cun comportamento moral merecedor dun recoñecemento público e no BNG, dende logo, non cremos que o seu nome deba permanecer para sempre na praza do noso concello.

Por todas estas razóns o Pleno do Concello de Nigrán adopta o seguinte ACORDO

Instar ao goberno de Nigrán a que proceda á retirada da placa conmemorativa da inauguración da Praza do Concello, situada na fachada do novo edificio consistorial.”

B) Emenda con texto alternativo do grupo Popular (texto final traducido ao galego).

1.- O Pleno de Nigrán insta ao Equipo do Goberno a que poña en marcha as medidas que sexan necesarias encamiñadas a retirar dos espazos públicos do Concello calquera placa conmemorativa ou similar na que conste o nome de persoas que realizaron a súa actividade como políticos de Nigrán, da provincia de Pontevedra, da Autonomía Galega ou do Estado español.

2.- O Pleno do Concello de Nigrán acorda non autorizar a instalación de ningunha nova placa conmemorativa ou similar nos espazos públicos municipais, que inclúa as referencias nominais descritas non punto anterior.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Dálle a palabra ao propoñente.





D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo do BNG: Le a proposta.

D^a. María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: Presentan unha emenda de substitución á que lle da lectura. Non están de acordo con que se ataque a unha persoa concreta, á que se xulga anticipadamente. Por iso se non se queren nomes, o mellor é suprimir todas as referencias.

Sr. Rodríguez Fernández: Non quere que presida a praza do Concello unha persoa nesas circunstancias. Acepta a emenda.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Están a favor da moción e pide que a partir de agora non se coloquen placas.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Entende a proposta do BNG, aínda que non lle gusta que prexulgue o resultado do proceso. Tampouco lle gusta que se levanten todas as placas. Absterase sobre a proposta e a emenda.

Sr. Rodríguez Fernández: Referiuse a esa placa porque ten unha situación singular, na praza do Concello.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Pensa que é un debate absurdo. O BNG tamén coloca placas. No seu mandato colocáronse unhas tres. Aquí na praza, no punto limpo e en Condomínguez. Había financiamento de outras institucións e era unha tradición. El está moi orgulloso desta praza. Non parece correcto que se condene anticipadamente a alguén.

Votación e acordo.- Sometida á votación ordinaria a referida emenda con texto alternativo do grupo Popular, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; UCN.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, **ACORDA:**

1.- Instar ao Equipo do Goberno a que poña en marcha as medidas que sexan necesarias encamiñadas a retirar dos espazos públicos do Concello calquera placa conmemorativa ou similar na que conste o nome de persoas que realizaron a súa actividade como políticos de Nigrán, da provincia de Pontevedra, da Autonomía Galega ou do Estado español.

2.- Non autorizar a instalación de ningunha nova placa conmemorativa ou similar nos espazos públicos municipais, que inclúa as referencias nominais descritas non punto anterior.

I.6.- ELECCIÓN DE XUÍZ PAZ SUBSTITUTO





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 19 de xullo de 2018, formula ao Pleno a seguinte Proposta:

Vista a comunicación da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, así como as previsións da Lei Orgánica do Poder Xudicial, sobre a elección de Xuíz de Paz substituto.

Tendo en conta que se deu publicidade á convocatoria no Boletín oficial da provincia de 14 de xuño de 2018, no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal, e que tamén se remitiron comunicacións a tal efecto ao Xulgado de Paz e ao Xulgado Decano de Vigo.

Vista a relación de candidatos por orde de solicitude, integrada por:

D.^a Silvia Mesías Martínez
D. Javier Reinaldo Santiago Cameron-Walker

Propónse ao Pleno que se proceda, por maioría absoluta, á elección do Xuíz de Paz substituto.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Le os antecedentes.

Votación e acordo.- Estando presentes os dezasete membros que compoñen a Corporación, proceden á elección, mediante votación secreta con papeleta, obténdose o seguinte resultado:

<u>Candidatos</u>	<u>Votos</u>
D. ^a Silvia Mesías Martínez	17 (dezasete)
D. Javier Reinaldo Santiago Cameron-Walker	0 (cero)

Coa maioría sinalada, que representa a maioría absoluta legal dos membros da Corporación, o Pleno do Concello acorda elixir para o seu nomeamento como Xuíza de Paz substituta a **D.^a Silvia Mesías Martínez.**

I.7.- MOCIÓN DE URXENCIA:

MOCIÓN DE NIGRÁN DECIDE REFERIDA Á INSTRUCIÓN AO EQUIPO REDACTOR DO PXOM

A) Declaración de urxencia

Deliberacións sobre a urxencia. Síntese das intervencións:





D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Presenta unha moción por urxencia.

Sr. Alcalde-Presidente. Anuncia e entrega unha emenda.

Sr. Cuevas Raposo: Quedou sobre a mesa nunha comisión informativa en xuño para manter unha reunión. Non se volveu a tratar o asunto e por iso a presenta por esta vía.

Votación e acordo relativo á urxencia.- Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a declaración de urxencia.

B) Fondo do asunto

B.1. Texto da Moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Nigrán necesita un Plan Xeral de Ordenación Municipal, pero non calquera. Ten que ser un PXOM que sirva de ferramenta para o desenvolvemento de Nigrán, de forma sustentable.

Un Nigrán onde a mocidade de Nigrán, teña acceso á vivenda e non teña que ir vivir fóra do noso Concello.

Un Nigrán onde non se afogue ao pequeno comercio coa previsión de novos centros comerciais.

II

Nas prescricións técnicas polas que se rexe o contrato para a elaboración do PXOM, dentro do punto 3, referido ás fases de elaboración do PXOM, para a fase do documento de aprobación provisoria e definitiva establécese que "De acordo coas instrucións que para tal efecto lle indique o órgano municipal competente, o equipo redactor introducirá nos documentos do PXOM os cambios derivados das alegacións e suxestións presentadas no período de información pública e consultas, así como dos informes sectoriais emitidos."

Tamén a lei de contratos establece que o contrato de servizos executarase con suxeición ao establecido no seu clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dea ao contratista o órgano de contratación.

No punto 14.2 do prego de cláusulas administrativas particulares polo que se rexe o contrato de redacción do plan xeral de ordenación municipal de Nigrán establécese





que, en todo caso, o contrato executarase con estricte suxeición ás cláusulas dos pregos e seguindo as instrucións da Alcaldía ou do responsable que esta designe.

III

Por iso, desde o grupo municipal de NIGRÁN DECIDE solicitouse á Alcaldía informe das instrucións indicadas ao equipo redactor para a introdución de cambios no PXOM aprobado inicialmente.

Na contestación facilitada indícasenos que “no expediente do PXOM non consta que ata o momento se dirixisen instrucións ao equipo redactor relacionados con posibles cambios a introducir no documento, derivados de alegacións ou suxestións.”

IV

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal de NIGRÁN DECIDE propón ao pleno do Concello de Nigrán a adopción dos seguintes acordos:

1. O pleno da Corporación de Nigrán, como órgano de contratación do PXOM de Nigrán acorda dar as seguintes instrucións ao equipo redactor do PXOM:

a) Na elaboración do PXOM non se diminuíra a reserva para vivendas de protección oficial, con relación á reserva prevista no PXOM aprobado inicialmente.

b) Na elaboración do PXOM non se aumentará a reserva de solo para uso comercial, con relación á reserva prevista no PXOM aprobado inicialmente.

2. Instar ao señor Alcalde a dar ao equipo redactor as instrucións indicadas no anterior punto.

3. Instar ao señor Alcalde a que reúna aos voceiros dos grupos municipais, con carácter mensual, para informar dos traballos de elaboración do PXOM, con especial referencia ao cumprimento de prazos de execución e a súa suspensión.

4. Instar ao Alcalde a que todas as instrucións para a introdución de cambios no PXOM aprobado inicialmente, sexan referendadas pola Xunta de Voceiros, mediante unha votación dos voceiros dos Grupos Municipais, con voto ponderado.

B.2. Emenda con texto alternativo da Alcaldía (redacción final, tras o debate).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Con data 2 de Xuño de 2018 foi presentada para debate na Comisión de Urbanismo unha moción do grupo municipal Nigrán Decide, en relación a unha serie de instrucións para o equipo redactor do PXOM.

Na citada Comisión de Urbanismo dende a Alcaldía propúxose a celebración dunha reunión co equipo redactor a fin de poder examinar con maior seguridade técnica a proposta do grupo municipal de Nigrán Decide.

A día de hoxe non consta oficialmente no Concello de Nigrán a cesión do contrato de redacción do PXOM en escritura pública tal e como se acordou polo pleno do Concello de Nigrán.

Ante a presentación no pleno ordinario do 26 de xullo de 2018 desta moción do grupo municipal de Nigrán Decide polo procedemento de urxencia, dende a Alcaldía eméndase dita moción.





PROPOSTA

Por todo o que antecede, esta Presidencia-Alcaldía do Concello de Nigrán presenta unha emenda á totalidade á proposta do grupo municipal Nigrán Decide, propondo:

Que a moción presentada polo grupo municipal de Nigrán Decide, así como outras posibles cuestións formuladas por outros grupos políticos municipais, sexan analizadas co equipo redactor por parte dos portavoces dos grupos municipais, co fin de obter a maior información técnica posible, aclarando como afectan ao documento do PXOM.

Deliberación sobre o fondo do asunto.- Síntese das intervencións:

Sr. Cuevas Raposo: Le a moción. Trátase de que aquelas instrucións que teñan un contido político se respalden polos voceiros, concretamente as que se refiren ao modelo. As dúas primeiras propostas buscan evitar que, nestes aspectos, o PXOM vaia en dirección contraria ao aprobado inicialmente. Búscase favorecer o acceso á vivenda por parte dos veciños e do mesmo xeito trátase de favorecer ao pequeno comercio, sacrificado ás grandes superficies. Non piden cambios, senón que se manteña o aprobado.

D. Diego García Moreira, Concelleiro Delegado: Sobre a emenda. Trata de favorecer o debate técnico, antes de decidir. Dálle lectura.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Tamén ten unha emenda, de adición dun punto c) no que se indique que na elaboración do PXOM eliminaranse ámbitos do solo urbanizable delimitado de uso industrial cuxa creación non responda expresamente aos requirimentos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no seu informe sectorial. Isto responde a que despois de que o documento fose informado pola Xunta aparecen dous novos solos industriais, un en Telleira e outro en Outeiro. Este último parece obedecer ao informe da Consellería de Medio Ambiente, e o de Telleira non ten a súa orixe en ningún informe. Tampouco lle parece mal a emenda do PSOE, e estaría disposto a apoiala sempre que faga referencia non só a iniciativa de Nigrán Decide, senón tamén a outras cuestións formuladas por outros grupos municipais.

D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, do grupo Popular: Votarán en contra da emenda do PSOE. E a do BNG debería derivarse a un grupo de traballo. Están de acordo con Nigrán Decide en incentivar o pequeno comercio. Parécelle moi elevada a dedución na reserva de vivenda de protección oficial. Habería que consensuar as determinacións.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Lamenta a precipitación coa que hai que tratar o asunto, e que non se evitase polo Alcalde esta situación facilitando o intercambio de información. A redacción deixa abertas moitas incógnitas. Pode estar de acordo cunhas cousas e non con outras. Dada a transcendencia do asunto non parece que este sexa o procedemento máis axeitado. El non ten elementos de xuízo para valorar no seu alcance a iniciativa. Por outra parte, non hai que esquecer a liberdade dos veciños para elixir onde queren mercar. A emenda do goberno parece prudente. Por outra parte, aínda non sabemos nada da cesión. E pregunta pola causa desta demora.





Sr. Alcalde-Presidente: O goberno non deu ningunha instrución ao equipo redactor. Por exemplo no tema da vivenda de protección. A reunión co equipo redactor está pendente de que se consume a cesión.

Sr. García Moreira: Queren engadir responsabilidade á participación de todos na tramitación do PXOM. Primeiro débese contar coa información necesaria por parte do equipo redactor.

Sr. Cuevas Raposo: Eles leron a información. Na súa moción quen da instrucións é o Pleno. Parece que o equipo redactor vai ao seu aire. É mellor que as instrucións se dean canto antes. Non confían no goberno dados os antecedentes. Votarán en contra da emenda. As instrucións políticas non son malas se son públicas e transparentes. Todas as ordenanzas de vivendas permiten usos comerciais. Parece que o goberno quere máis. Sobre a emenda do BNG votarán que non, porque se introducen cambios en relación co Plan aprobado inicialmente.

Sr. Alcalde-Presidente: A súa emenda é para analizar a cuestión co equipo redactor. Non se opoñen á moción de Nigrán Decide porque non queren que se dubide da súa posición.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Pensa que na emenda do PSOE sobraría a parte final.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Alfonso Botana comprometeuse a seguir traballando, aínda antes de formalizar a cesión.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Non hai que demonizar as instrucións políticas. O que propón é cambiar o aprobado inicialmente para remontarse ao que xa informou a Consellería. Votará a favor da emenda do PSOE cunhas matizacións que indica.

Sr. Fernández Comesaña: Hai cousas chamativas no proceso que requiren aclaración por parte do equipo redactor.

Sr. Cuevas Raposo: Espera non ter que preguntar no pleno de setembro cando nos vamos a reunir.

Votación e acordo sobre o fondo do asunto.- Sometida á votación ordinaria a emenda con texto alternativo, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PSOE, UCN e BNG.
- Votos en contra: 8; PP e Nigrán Decide.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello **acorda:**

Que a moción presentada polo grupo municipal de Nigrán Decide, así como outras posibles cuestións formuladas por outros grupos políticos municipais, sexan analizadas co equipo redactor por parte dos portavoces dos grupos municipais, co fin de obter a maior información técnica posible, aclarando como afectan ao documento do PXOM.





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución, 1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA AO PLAN CONCELLOS 2018. Liña 2

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estiveron á disposición dos Sres. Concelleiros as Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 16 de xuño de 2018 (n.º 2018001064) e o 13 de xullo de 2018 (n.º 2018001262), ambos incluídos.

Entre a documentación á disposición dos membros da Corporación tamén consta a que di:

En cumprimento do previsto na base décima das Bases reguladoras e convocatoria do Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019 (Bop de 3 de xaneiro de 2018), e cumprindo a Providencia de Alcaldía de data 27 de xuño de 2018 dáselle conta ó Pleno das seguintes resolucións:

AXUDAS A CORPORACIÓNS LOCAIS PARA AMORTIZACION, PAGAMENTO DE DÉBEDAS E GASTOS CORRENTES

Data	Número Resolución	Código Verificación	Actividad
28-03-18	2018000562	FODZMSFMIMWB4A26	Servizo Canguros municipais
28-03-18	2018000563	G3SMWOR2KPW8J51Y	Entroido Nigrán
28-03-18	2018000564	GYPET39WBEGJVZVD	Triatlón Nigrán
28-03-18	2018000565	GPGUKAS1MIE26WN8	Premios Nigrán 2018
-03-18	2018000567	G3K6AC3FYXFNQJV8	Natación na praia Costa Serena
28-03-18	2018000568	E136QX4WOMZC7BJ0	Nigrán Paint Party
28-03-18	2018000569	EDWWBZE6UDFO7S96	Nigrán Jazz
28-03-18	2018000570	E1RBLM99PE79WT4K	Festa de San Félix
28-03-18	2018000571	ET5X6IXQ08COX8HZ	Concerto Stella Maris
28-03-18	2018000572	E2T6NDVC445GI84Y	Nigrán Area (*)
28-03-18	2018000573	E5P65WKDK7BF341F	Orquesta 430 + Gli Apassionati
28-03-18	2018000574	EUZBMLV6T7TBP1BN	Flota como poidas
28-03-18	2018000575	E7SCN8WW53F3UNDJ	Rock in Patos
28-03-18	2018000576	EPQ5DXBDYV9B3Q8O	Os Patos surfean de noite
28-03-18	2018000577	E5Z68GTY4Q6BT6GH	Nigrán mar de sabores
28-03-18	2018000581	GE5N90KLAHM9NQCA	III Carreira nocturna Nigrán





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

28-03-18	2018000582	HSEDIP310CYCO9S0	Porto Scoot
28-03-18	2018000583	HUWXSH5UU2NV5K79	Solpor Monteferro
28-03-18	2018000584	ES224RBNLIEHCUHL	Festival música Vive Nigrán
28-03-18	2018000585	EQOMW0PFZ4W079ZC	Noite de estrelas
05-06-18	2018000974	E20T7V6LNOPBOJ8L	Nigrán Area (*) corrección de errores numero resolución: 2018000572 E2T6NDVC445GI84Y

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:

1.1. Pódeme volver a aclarar por que non está escriturada a cesión do Plan Xeral?

Sr. Alcalde-Presidente: Porque non chegou esa cesión ao Concello de Nigrán. Segundo Alfonso Botana escriturouse, pero non chegou aquí.

Sr. Valverde Pérez: Cal é o impedimento neste momento?

Sr. Alcalde-Presidente: Que chegue por parte das empresas.

1.2. Que vai pasar se se contestaron ou non se contestaron alegacións no documento que a nós se nos facilitou no seu día? No documento que se nos facilitou hai un tempo hai alegacións que non aparecen contestadas, outras aparecen pendentes do Concello e nos gustaría saber que vai pasar con esas alegacións.

Sr. Alcalde-Presidente: No momento que estea feita a cesión e teñamos aquí o equipo redactor se farán eses temas.

1.3. Sabe como está a situación actual da pasarela do río Muíños?

Sr. Alcalde-Presidente: A día de hoxe non sei como está.

Sr. Valverde Pérez: Con certo risco, porque non hai luz. Está cheo de lama ata arriba.

1.4. É coñecedor de que hai unha construción no río Muíños pegada á pasarela á altura da peaxe?

Sr. Alcalde-Presidente: Un peche. Creo que ten as autorizacións necesarias.

Sr. Valverde Pérez: Solicitamos unha copia desas autorizacións.

2.- D^a. María Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular:





2.1. El otro día leí en el periódico que el Ayuntamiento de Baiona estaba delimitando las parroquias donde iba a instalar la fibra óptica. Yo esto ya lo he preguntado tres veces, si ya sabíais donde se iban a hacer las actuaciones en Nigrán y aún estoy esperando la contestación.

D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado: Te doy el listado si quieres.

Sr. Alcalde-Presidente: Pasarase por escrito.

2.2. Pide que se repare la marquesina rota que está en el parque de Panxón.

2.3. Es una vergüenza que en el programa oficial de fiestas del Concello de Nigrán, por ejemplo, figure un concierto del día 25 en el paseo de la Foz de la Ramallosa y cuando va todo el mundo al paseo de la Foz, resulta que es en el colegio de Panxón.

3.- *D^a. Liliana Silva Pequeño, do grupo Popular:*

3.1. ¿Como estáis tramitando a día de hoy autorizaciones y seguros de fiestas, conciertos, etc. La funcionaria responsable dice que poco tramita.

Sr Alcalde-Presidente: Si se están tramitando.

3.2. ¿Todas las actividades que se están realizando en el Ayuntamiento de Nigrán tienen las autorizaciones correspondientes por parte de todas las administraciones responsables?

Sr. Alcalde-Presidente: Eu creo que si.

Sra. Silva Pequeño: Que se envíen toda las autorizaciones. Voy a pedir por registro todas las autorizaciones de todos los eventos. En mi departamento en su día su mayor trabajo era ese.

4.- *D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:*

4.1. ¿Cuando nos piensa traer la RPT para aprobación en el Pleno, ya que el documento en principio está finalizado?

Sr. García Moreira: Estamos pendientes de una asamblea general de trabajadores para confirmar unos pequeños detalles, porque parece que hubo unos errores con algunas fichas.

Sr. García Pazos: Entonces supongo que habrá que hacer un modificado de la aceptación que ha firmado usted.

4.2. Hay un montón de proveedores que están pendientes de cobrar facturas y servicios del ejercicio 2017, ¿cuando van a cobrar?





D^a. Raquel Giráldez Armas, concelleira Delegada: Estamos tramitando el reconocimiento, esperamos llevarlo a la mayor brevedad.

5.- D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez, do grupo Popular:

5.1. Supongo que la carretera que en Lourido va por arriba hacia la Tobeira, la que conecta desde la principal hasta la Tobeira, es municipal. Está fatal. Ruego que se arregle.

5.2. Debido a todo lo que pasó con los incendios, el tránsito de camiones de gran tonelaje hacia Chandebrito se ha incrementado muchísimo y la carretera que va desde el Pontillón hacia el Colegio Estudio está sufriendo un deterioro más rápido de lo que debería. ¿Se va a tomar alguna medida para solucionar esto?

D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro Delegado: Repararase.

6.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:

6.1. Preguntei varias veces por unha ordenanza de venda ambulante, contestóuseme que estíbese a tramitar. Como vai a tramitación?

Sr. Alcalde-Presidente: A ten o departamento xurídico.

6.2. Que día se presentou ante o órgano competente de Industria o certificado da empresa instaladora das instalacións contra incendios do pavillón de deportes de Panxón?

Sra. Giráldez Armas: De memoria no lo recuerdo, pero se puede conseguir.

Sr. Cuevas Raposo: Isto o presenteí fai máis dun mes. Este é o respecto do goberno coa oposición.

6.3. Que día certificou as instalacións en baixa tensión do pavillón de deportes de Panxón o organismo autorizado?

Sra. Giráldez Armas: O contestarei por escrito.

Sr. Cuevas Raposo: Quero que o respondades aquí, porque non está constando en acta que cuestións de seguridade do pavillón non sabedes, ou non se presentaron ou que se presentaron fai un ano, un mes, un día ou o que sexa.

Sra. Giráldez Armas: Pero no podemos dar la fecha.

Sr. Cuevas Raposo: Se eu fago a pregunta por escrito é para que vós vexades o expediente e se se presentou me digades a data.

6.4. O pasado 18 de xuño solicitei información de todas as comunicacións, analíticas recibidas ou enviadas polo Concello de Nigrán, relacionadas coa potabilidade de auga da rede de abastecemento de auga e dos colexios públicos de Nigrán, así como os





expedientes existentes deste tema. Como é habitual, non se me contestou. En base ao anteriormente exposto formúlolle as seguintes preguntas:

6.4.1. Existiu durante os últimos meses algún problema relacionado coa potabilidade de auga da rede de abastecemento público en Nigrán?

Sr. Alcalde-Presidente: Non temos constancia.

6.4.2. Existiu durante os últimos meses algún problema relacionado coa potabilidade de auga dalgún colexio público en Nigrán?

Sr. Alcalde-Presidente: Non temos constancia.

6.4.3. En febreiro deste ano se lle requiriu ao Concello que emendara unha non conformidade na auga no consumo do colexio da Cruz. Atendeuse ese requirimento?

Sr. Alcalde-Presidente: Pero non era da potabilidade.

6.4.4. A canto ascende a sanción que se lle propuxo ao Concello de Nigrán por non atender debidamente ese requirimento?

Sr. Alcalde-Presidente: Está recorrida, pero 300 euros.

6.5. Durante o ano 2008 houbo unha folga de aproximadamente 10 días da empresa concesionaria do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria. Que cantidade se lle descontou a CESPA polos servizos non realizados no 2008?

Sr. Alcalde-Presidente: Non teño a resposta. A documentación está no arquivo.

Sr. Cuevas Raposo: Púxoselle algunha sanción polo incumprimento de contrato? A canto ascendeu?

Sr. Cuevas Raposo: Ao finalizar a folga CESPA fixo un operativo especial para recoller o lixo acumulado durante os días de folga. Abonóuselle algunha cantidade por dito operativo?

Esta pregunta a fago porque creo que se lle pagou o mesmo e estamos falando de que mañá pode empezar unha folga de CESPA. Se a unha empresa os traballadores lle van á folga, non lle ten que pagar o salario pero segue cobrando igual pois é un negocio para a empresa. O Concello terá que exixir.

Sr. Alcalde-Presidente: Se a empresa vai á folga nós faremos o posible para que deixe de cobrar o que corresponda.

6.6. Aprobouse unha revisión de prezos, abonóuselle a CESPA os atrasos?

Sr Alcalde-Presidente: Non.

Sr. Cuevas Raposo: Porque non se lle abonaron?





Sr. Alcalde-Presidente: Porque estamos pendentes de que presenten as facturas correspondentes e aínda non as presentaron.

Sr. Cuevas Raposo: O prezo mensual se lle abona co prezo revisado?

Sr. Alcalde-Presidente: Co prezo antigo, porque presentan as facturas co prezo antigo.

6.7. O aparcamento público da Ramallosa segue pechado. Pensa tomar algunha medida para que se abra?

Sr. Alcalde-Presidente: Deberíamos tomala.

Sr. Cuevas Raposo: Pensan facelo?

Sr. Alcalde-Presidente: Si

6.8. Solicitei copia do contrato de alugueiro dun servidor de informática e das características de dito servidor. Non se me facilitou. Por que?

Sra. Giráldez Armas: Cuando se alquiló el servidor se estaba tramitando la compra de un nuevo servidor, pero uno de los servidores existentes murió, entonces para dar solución a la mayor brevedad lo que se hizo fue alquilar de inmediato, con lo cual no hubo margen de maniobra. Hoy mismo no hay alquiler.

6.9. Isto case é un rogo. O ano pasado houbo un episodio de contaminación en Praia América, durante 5 horas polo menos. Vostedes permitiron que a xente se bañara, debendo estar prohibido. Saben vostedes que as analíticas de control microbiolóxico de Praia América ao igual que o ano pasado están dando anormalmente altas?

Sr. Alcalde-Presidente: Non temos constancia. Sabemos que houbo no río Muíños.

Sr. Cuevas Raposo: As analíticas da Xunta 26 de xuño, 99 e Ecoli, 31 de intestinal; 9 de xullo 53 de Ecoli, 120 de intestinal; 22 de xullo, 53 de Ecoli, 20 de intestinal. O ano pasado antes da situación de prohibición de baño a praia estaba dando anormalmente alta dentro dos parámetros que se permitía o baño. Patos creo que da 9. O rogo é que investiguen se pasa algo.

6.10. No Pleno de novembro de 2016 informámoslle de que aparentemente a concesión do club náutico de Panxón rematara en 2012. Lle rogamos que se interesara ante Portos de Galicia pola situación administrativa de dita concesión. Vostede contestou que ese mesmo día pediran cita co presidente de Portos para aclarar a situación. Cal é a situación?

Sr. Alcalde-Presidente: Están intentando legalizar todo o que está relacionado co Porto e cos usos do Porto.





6.11. O artigo 28 do ROF di que os grupos políticos poderán facer uso de locais da corporación para celebrar reunións e sesións de traballo con asociacións e coa poboación en xeral. En abril ou marzo soliciteille o salón de actos para reunirme cos veciños, non me contestou. Volvín a solicitalo, tampouco me contestou, soliciteille agora para setembro, espero que me conteste.

7.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:

7.1. A pesar de que recentemente se levaron a cabo obras de remodelación na rúa do Caranquexo en Prado, segue existindo un auténtico descontrol no aparcamento. Os coches non respectan os sinais de prohibición nin os vaos, imposibilitando e invadindo nalgúns casos as entradas e saídas dos garaxes. Rogo que se extreme a vixilancia por parte da Policía Local.

Sr. Alcalde-Presidente: Se vai a Policía por alí, vai multar.

7.2. Recentemente iniciouse expediente de reposición da legalidade urbanística por acondicionamento dun local sen licencia e suspendéndose as citadas obras. Local situado na Estrada pola Vía, esquina Rans. Dado que o mesmo aparentemente está exercendo a actividade, podía confirmar se finalmente foi alzada a suspensión das citadas obras e por conseguinte outorgada licencia de acondicionamento e, no seu caso, para o exercicio da actividade e se existe comunicación previa que ampare tales actuacións? Ten licenza de ocupación da vía pública con mesas e cadeiras? De ser así, delimitouse espazo para que non dificulte o peonil dado a existencia dunha marquesiña de transporte público nas inmediacións?

Sr. García Moreira: Localizamos o expediente e contestaremos por escrito. Creo que pode haber unha comunicación previa.

7.3. Que porcentaxe de inserción laboral en Porto do Molle existe nos cursos de formación realizados.

Sra. Giráldez Armas: Te puedo dar una cifra aproximada de la tasa de inserción genérica, no de Porto do Molle.

7.4. Está en marcha un plan de fiscalización del Consello de Contas en el Concello de Nigrán. De que tipo?

Sra. Giráldez Armas: Sí, tenemos conocimiento de que se va a realizar, es muy genérica, es aleatoria y al azar.

Sr. Fernández Comesaña: A que exercicio ou exercicios corresponde.

Sra. Giráldez Armas: Te facilitamos copia.

7.5. Temos algunha información das alegacións presentadas polo Concello ao proxecto de mellora da seguridade vial da PO-552?

Sr. Alcalde-Presidente: Non contestaron.





7.6. En que situación se atopan os areas do municipio en relación cos postos de socorristas? Especialmente nas praias que teñen outorgada a bandeira azul? Xa están todas a pleno funcionamento e polo tanto ondeando as bandeiras azuis?

Sr. Alcalde-Presidente: Sí, aínda que custou bastante.

7.7. Recentemente houbo relevo ao fronte da Zona Franca. Cre que pode influír negativamente para os intereses de Nigrán o ritmo de crecemento do parque de Porto do Molle ao tenor das declaracións que parecían centrar o seu esforzo inversor na cidade de Vigo? En todo caso, dado o contencioso que mantén co Concello cre que, polo contrario, puidera axudar a retomar o dialogo e colaboración mutua e desbloquear proxectos como a compra da parcela para parque de maquinaria municipal? Fíxose algunha xestión ao respecto? Temos algunha noticia en relación co pleito de cerca de 5 millóns de euros en litixio? Non cre que se podería facer xestións ante un hipotético aplanamento por parte de Zona Franca que permitira unha solución satisfactoria para os intereses municipais?

Sr. Alcalde-Presidente: En principio non cremos que sexa negativo para Nigrán o relevo en Zona Franca. A realidade é que coa anterior delegada de Zona Franca tamén mantiñamos unha relación cordial. É certo que agora temos máis afinidade e que isto nos axude, de aí a dicir ou pensar que ese pleito de 5 millóns agora vai ser máis fácil non sei se vai a ser así.

7.8. Ao parecer as terrazas que están usando os quioscos nas praias están sendo obxecto de liquidacións por ocupación de dominio público por parte da Xefatura de Costas. Ao tratarse dun vello problema e coa finalidade de evitar molestias aos interesados e en todo caso unha dobre imposición, o Concello viña facéndose cargo das taxas orixinadas polo citado organismo, e que se consideraban incluídas no prezo de licitación e adjudicación. Posiblemente ante certa anarquía na delimitación dos espazos a ocupar polas terrazas, coa complicidade do Concello, Costas está cortando polo san. Pode aclararnos se agora nos pregos suprimiuse nas concesións o dereito de ocupación do espazo de mesas e cadeiras? De ser así, cal foi a razón? Desde cando ven aplicándose?

Sr. Rial Sánchez: La problemática que había respecto a esto era que la tasa que liquidaba el Concello respecto a Costas ya desde años atrás era por la superficie del quiosco, no por la terraza, y Costas empezó a poner problemas con esto cuando ya estaban adjudicadas y como no se podía modificar el plan de explotación y los metros que ocupaban, se tomó la decisión de que ya que nosotros estábamos pagando lo que es el quiosco, que ellos solicitaran la autorización para las terrazas.

7.9. O Alcalde despois de máis dun ano, despois de varias reiteracións, remitíume por escrito contestación a unhas preguntas que formulei no Pleno do 27 de xullo de 2017, en concreto, cantas actas de inspección se levantaron nos últimos catro anos polo imposto de construcións, instalacións e obras en liquidación definitiva, cantas resultaron negativas, positivas ou se algunha deu lugar a devolución de ingresos, a canto ascendeu o importe total recadado por exercicios, cantos expedientes son de vivendas colectivas, naves industriais, vivendas unifamiliares, etc, e se se inspeccionaron todas as construcións ou se fai de forma selectiva. Cantas actas de inspección se levantaron nos últimos catro anos polo imposto de actividades económicas por parte do Concello e de haberse realizado a canto





ascendeu o importe total por exercicios e de non efectuarse cales foron as razóns. Cantas actas de inspección se levantaron nos últimos catro anos pola taxa de aproveitamento de dominio público do 1,5 % que pagan as compañías de electricidade, auga e gas e o que solo se investiga aos veciños pola taxas de lixo, carruaxes.

O escrito que me envían, remitido pola Deputación, ORAL, con data 29 de agosto de 2017, ven a reflectir que as liquidacións xeradas polo ICIO e pola taxa de licenzas urbanísticas supuxo un ingreso para o Concello de 261.899,92 euros, correspondendo a quince expedientes, dos cales 9 se corresponden a vivendas e 6 a naves industriais. Como é posible que en 3 anos, do 2013 ao 2016, so se remitiran para inspeccionar 15 expedientes? Que razón existe para que non se remitan todos os expedientes, especialmente de obras maiores, para inspección. Ou é que se temen que se poidan producirse liquidacións negativas e a devolver polo Concello? Quen da orden de seleccionar os expedientes a enviar a Deputación? Matizo, aquí fálase de 15, que deron lugar a liquidación, o informe que vostede me pasa di o ORAL que foron inspeccionados 102 expedientes que remite o Concello, dos cales 87 foron finalizados ao non ser a liquidación definitiva por duplicados, porque xa foron inspeccionados, etc, por iso di que 15 expedientes finalizados. Pero non di nada respecto ao IAE e da impresión de que o Concello non fixo nada, por iso segue sen responderme a aquelas preguntas. No acordo que asinamos está este acordo de inspección do IAE. O máis prudente sería delegalo na Deputación.

Sr. Alcalde-Presidente: Vai miralo.

8.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:

8.1. Cal é a situación urbanística do faro de Gaifar?

Sr. García Moreira: Fóra de ordenación situado en zona verde, co cal o seu uso non é compatible coa zona onde se encontra.

Sr. Rodríguez Fernández: Ten unha placa de Alfredo Rodríguez, que foi o último que se fixo. Está cheo de pintadas, etc. Explicada a situación urbanística, pensa facer algo?

Sr. García Moreira: Na modificación de normas iba tamén a compatibilidade de usos entre zonas verdes e equipamentos dotacionais, que se podería legalizar e utilizar as instalacións que ten debaixo.

8.2. Cal é o criterio seguido para o establecemento das últimas prazas de estacionamento reservado para discapacitados?

Sr. Rial Sánchez: A petición de usuarios. Se na zona non existen. Ultimamente unha máis na piscina da Ramallosa, porque unha non era suficiente e outra en Praia América a parte de pedida por usuarios tamén pola asociación de veciños de San Pedro, que nesa zona non existía ningunha.

Sr. Rodríguez Fernández: A pregunta dos criterios é porque creo que hai que ter un pouco de cuidado coa situación das prazas de estacionamento reservado para discapacitados. A da piscina é evidente. O problema é a filosofía das prazas, que é





CONCELLO DE NIGRÁN (Pontevedra)

Pza Constitución,1 CP 36350
Tfno. 986 365 000 Fax 986 383 931

que en determinados centros aos que poden acudir puntualmente persoas con discapacidade non teñan que aparcar lonxe. O problema é se se sitúan a petición dalgún veciño e o que estamos facendo é facerlle unha reserva de praza na vía pública a unha persoa. Ao mellor estaba mellor na praia e non nunha rúa en concreto. Diante dun supermercado ten sentido, ao mellor na rúa de atrás non, porque ao mellor a realidade é que é unha praza para un señor.

8.3. Xa soubemos que a empresa concesionaria da recollida de lixo non cobrou a revisión de prezos, porque non presentou as facturas. Tendes constancia de se lle manifestaron aos traballadores que non lle pagou o Concello de Nigrán a revisión de prezos?

Sr. Alcalde-Presidente: Segundo os traballadores si, e diante deles díxose que porque a empresa non presentaba a factura.

8.4. O índice a partir do cal as augas non son aptas para o baño en cuestión de Ecoli é 100. Se hai 99 quere dicir que a auga é apta para o baño, pero evidentemente indica un problema, indica que hai un vertido ou varios. O do río Muíños eu vin un vertido en fronte de URECA. Solicito que se faga unha inspección integral de todo o río Muíños para detectar e eliminar puntos de vertido. A simple vista hai colectores e canles.

Sr. Rial Sánchez: Hai unha semana e pico por un aviso fíxose unha revisión de todo o río por se había algún punto de vertido. Á parte diso, cada vez que veñen que hai algún episodio, incluso de forma habitual, Augas de Galicia para inspección teño ido con eles moitas veces río arriba cun técnico de control de vertidos e analizan todas as saídas se están botando algo.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.

O SECRETARIO

Vº e Prace
O ALCALDE
Juan Antonio González Pérez

